

CONTIDOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS

- Os 5 bloques que aquí se referencian supoñen un intento de harmonización dos presentes nos currículos oficiais de Lingua Galega, Lingua Castelá e Primeira Lingua Estranxeira.
- Na parte inferior do apartado de contidos, aparece o código dos contidos LOMCE de 1º ESO nas tres linguas cos que se relaciona, polo que estes (e os estándares con el relacionados) son facilmente identificables nos currículos oficiais.
- Dado o Tratamento Integrado das Linguas e mais o enfoque comunicativo presentes neste proxecto, as competencias referéncianse de xeito xeral para cada bloque e non ligadas a un estándar de aprendizaxe concreto.

10 DECEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DOS DEREITOS HUMANOS		
Bloque: Consciencia plurilingüe e intercultural		
Contidos	Estándares de aprendizaxe	Competencias
- Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais: Proxecto “Diálogos humanos”. - Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. - O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade. - Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego como lingua non normalizada favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do seu uso normalizado. GAL: B3.12, B3.13,B4.2,B5 CAST: B3.6, B3.7,B3.8 ENG:B5.4, B5.3	- Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe: Proxecto “Diálogos humanos” - Reflexiona sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utiliza estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos. - Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dos pobos. - Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuir individual e socialmente á normalización da lingua galega.	- CCL - CAA - CD - CSC - CCEC - CSIEE

Bloque: Comunicación oral		
Contidos	Estándares de aprendizaxe	Competencias
- Escoita activa e observación das normas básicas que favorecen a comunicación. - Participación en debates, coloquios e conversas espontáneas respectando as normas básicas de interacción, intervención e cortesía que regulan estas prácticas orais. - Cofecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a comprensión, produción e a avaliación de textos orais. Aspectos verbais e non verbais. - Cofecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais, e avaliación progresiva. - Creación de textos orais e audiovisuais que reproduzan situacións reais ou imaxinarias de comunicación: Os diálogos (ENG/LC) - Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. GAL: B1.1, B1.2, B1.3, B1.5, B1.6, B1.7, B1.8, B1.9, B1.10 CAST: B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.5 ENG: B1.1, B1.2, B1.3, B2.1, B2.2, B2.3	- Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral. - Intervén en actos comunicativos orais e valora a súa participación. - Na lingua estranxeira, capta o sentido xeral dos textos orais, as frases e expresións habituais e fai uso das estratexias vistas na clase para ampliar a comprensión do texto oral. - Cofece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos. - Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal, da xestión de tempos e do emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso. - Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas. - Realiza presentacións orais. - Dramatiza e improvisa situacións reais ou imaxinarias de comunicación: O teatro (LC) e os anuncios publicitarios (ENG). - Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas. - Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega.	- CCL - CAA - CD - CSIEE - CSC

Bloque: Comunicación escrita		
Contidos	Estándares de aprendizaxe	Competencias
▪ Lectura, comprensión, interpretación e valoración de textos escritos de ámbito persoal, educativo ou escolar, e de ámbito social, aplicando diferentes estratexias que permitan a súa comprensión. ▪ Utilización progresivamente autónoma da biblioteca escolar e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de obtención de información. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información. ▪ Coñecemento e uso das técnicas e estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión do texto. A escritura como proceso. ▪ Produción de textos escritos e audiovisuais relacionados co ámbito persoal, co educativo ou escolar e co social, adecuando a tipoloxía discursiva. Os textos dialóxicos: a banda deseñada (LG), o teatro (LC), os anuncios publicitarios (ENG) ▪ Uso, con progresiva autonomía, das TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) na planificación, revisión e presentación dos escritos. ▪ Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmitan prexuízos ou usos lingüísticos discriminatorios. ▪ Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, ao patróns fonéticos da lingua do texto e aos signos de puntuación. GAL: B2.1, B2.2, B2.3, B2.4, B2.5, B2.6, B2.7, B2.8, B2.9, B2.10, B2.11, B2.12, B2.13, B2.14 CAST: B2.1, B2.2, B2.3, B2.4, B2.5 ENG: B3.1, B3.2, B4.1	▪ Utiliza diferentes estratexias de comprensión de textos escritos (subliñado, uso de dicionarios...) ▪ Identifica a idea principal e as ideas secundarias, comprendendo as relacións entre elas. ▪ Entende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá e nos procesos de aprendizaxe. ▪ Utiliza, de xeito autónomo, diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos. ▪ Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redacta borradores de escritura. ▪ Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou educativo e social, imitando textos modelo e cunha tipoloxía textual adecuada: banda deseñada (LG), teatro (LC), anuncios publicitarios (ENG) ▪ Utiliza, con progresiva autonomía, as funcións básicas dun procesador de textos e dos correctores ortográficos para elaborar e presentar os escritos. ▪ Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexiona sobre os usos lingüísticos discriminatorios. ▪ Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto, procurando axustarse aos patróns fonéticos da lingua do texto.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CSC

Bloque: Funcionamento da lingua		
Contidos	Estándares de aprendizaxe	Competencias
- Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas. - Coñecemento, uso e valoración das normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas para conseguir unha comunicación eficaz. - Manexo de dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital sobre o uso da lingua. - Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos. - Recoñecemento, uso e explicación dos recursos de modalización en función da persoa que fala ou escribe. Expresión da obxectividade e da subxectividade. - Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula: os DD.HH. - Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual. GAL: B3.1,B3.3,B3.4, B3.5, B3.6, B3.7,B3.8, B3.9, B3.10, B3.11 CAST: B3.1,B3.2,B3.3,B3.4,B3.5 ENG: B5.2, B5.3, B5.5	- Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios. - Recoñece e corrixе erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais. - Utiliza fontes variadas de consulta en formatos diversos para resolver as súas dúbidas sobre o uso da lingua e para ampliar o seu vocabulario. - Recoñece, usa e explica os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos, valorando a súa función na organización do contido do texto. - Recoñece a expresión da obxectividade ou subxectividade identificando a intención comunicativa da persoa emisora - Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación. - Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual	- CCL - CAA - CD
Bloque: Educación literaria		
Contidos	Estándares de aprendizaxe	Competencias
- Lectura de obras literarias, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura. - Lectura expresiva e comprensiva de textos literarios de diferentes xéneros, determinación da temática ou temáticas abordadas e descrición dos valores estilísticos dos textos. - Redacción de textos de intención literaria a partir da lectura de textos utilizando as convencións formais do xénero e con intención lúdica e creativa: a banda deseñada (LG) , o teatro (LC) e os anuncios publicitarios (ENG). GAL: B5.1, B5.2, B5.5, B5.6, B5.7 CAST: B4.1, B4.2 ENG: B5.1, 5.3, 5.5	- Expresa e comparte a súa opinión sobre as lecturas feitas. - Le expresiva e comprensivamente textos literarios de diferentes xéneros, sinala a temática ou temáticas abordadas e describe os valores estilísticos dos textos. - Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero con intención lúdica e creativa: a banda deseñada (LG) , o teatro (LC) e os anuncios publicitarios (ENG).	- CCL - CAA - CD - CCEC